

O Instituto de Agroecoloxía e Alimentación da Universidade de Vigo nace coa vocación de converterse nun centro de referencia na promoción a través da I+D+i da transición cara sistemas agroalimentarios máis resilientes, sostibles, seguros e circulares.

A Dirección do **INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN** enfoca o Sistema de Xestión da Calidade como unha maneira de organizar o funcionamento partindo duns pilares básicos como son a calidade dos seus servizos, a satisfacción do cliente e a mellora continua da eficacia do Sistema. Para iso, o Sistema de Xestión da Calidade do **INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN** basease en:

- A consecución, mantemento e mellora do nivel de calidade desexado pola empresa só poderá lograrse co compromiso e participación de todo o persoal, e o aproveitamento do seu potencial creativo e as súas habilidades.
- Esta implicación debe lograrse a través da comprensión do efecto que, sobre a calidade do servizo ofrecido, teñen as aportacións individuais, a información, a comunicación e a través da acción dos líderes en todas as áreas e niveis da organización.
- A calidade obtense planificando, executando, revisando e mellorando o Sistema de Xestión para previr os posibles erros.
- Tanto a Dirección como o persoal do **INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN** comprométese a cumprir os requisitos legais e regulamentarios que lle son de aplicación.
- Compromiso cara a Satisfacción de todos os nosos clientes mediante o compromiso de toda a organización en cumprir coas súas necesidades e requisitos, así como os requisitos legais e regulamentarios e os propios dos produtos.
- Só mellorando de forma continua os procesos, métodos, servizos, etc., se pode garantir unha maior eficacia interna, unha mellor resposta ás expectativas dos clientes e, polo tanto, a mellora da súa satisfacción.
- O persoal do **INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN** independentemente de cales sexan as súas funcións e responsabilidades, debe analizar os datos á súa disposición referentes ás actividades que realiza en busca de oportunidades de mellora.
- Por este motivo, a mellora continua debe ser un obxectivo permanente de todos, e referido a todas as actividades desenvoltas no **INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN**.
- O noso compromiso coa calidade diríxenos a prestar a máxima atención á evolución tecnolóxica e ás posibles melloras que as novas tecnoloxías puxeran a nosa disposición.
- Requírese da participación e colaboración de todos polo que esta Política é difundida a todo o persoal da empresa para o seu coñecemento e comprensión.

Para a aplicación efectiva destes principios, é absolutamente necesario o apoio aos mesmos tanto do equipo directivo como do persoal.

Dirección

Ourense, 22 de setembro de 2025